

PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO

É necesario tomar decisións para a reactivación económica do concello de Monterroso, unha reactivación que debemos afrontar cos recursos dos que dispoñemos , a consecuencia dunha crise económica severa acrecentada pola aparición do COVID-19, e a instauración do estado de alarma que por unha banda freou a expansión da enfermidade,pero tamén provocou un dano difícil de reparar na economía , en especial nos autónomos e PYMES e por extensión na case totalidade da cidadanía.

Unha das necesidades máis importantes que observamos e diminuír a taxa de desemprego entre a mocidade e outros emprendedores, que teñen moitas dificultades no momento de intentar acceder ao emprego, xa que terían que adquirir un local en propiedade ou alquiler, e facer fronte a uns pagos iniciais, que difícilmente poderían afrontar.

É por todo isto **que Solicitamos** ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación da seguinte proposta:

Crear un viveiro de empresas, poñendo a disposición dos emprendedores que o consideren os locais situados no andar baixo das Vivendas Sociais, Travesía de Esporiz, nunhas condicións vantaxosas durante un tempo.

O Concello de Monterroso convocaría unhas bases para seleccionar aos emprendedores que o solicitaran, e que incluírían a exención total de abono de alquiler, a conexión gratuita a internet e a bonificación no servizo eléctrico e de auga durante o primeiro ano.

Serán requisitos indispensables estar constituídas legalmente e ter o domicilio social/fiscal no propio concello no momento da solicitude.

En Monterroso a 8 de Maio de 2020

Asdo.

